



TODAS AS MANS Á OBRA

O SEMINARIO  
DE ESTUDOS GALEGOS

Iria-Friné Rivera Vázquez

 Alexandre Bóveda AGRUPACIÓN CULTURAL



**Fig. 1. O Seminario de Estudos Galegos, 1926. Ksado. Nesta fotografía aparecen o corazón inicial do SEG. Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento–Centro Superior de Investigaciones Científicas, Santiago de Compostela.**

- 1 Francisco Asorey (fóra de cadro). 2 R. Blanco Torres. 3 Camilo Díaz Baliño.  
 4 (?). 6 Xulio Balboa. 7 (?). 8 Magariños Negreira. 9 (?). 10 Augusto María Casas.  
 11 López Abente. 12 Xaime Quintanilla. 13 Valeriano Villanueva. 14 Martínez López.  
 15 Antón Villar Ponte. 16 (?). 17 (?). 18 A. Rodríguez Castelao. 19 Luís Bouza Brey  
 20 José Filgueira Martínez. 21 Ánxel Casal. 22 E. Correa Calderón. 23 Catá.  
 24 L. Carré Alvarellos. 25 Lugrís Freire. 26 Otero Pedrayo. 27 X. Filgueira Valverde.  
 28 S. Cabeza de León. 29 Lois Tobío Fernández. 30 Vicente Risco. 31 Victoriano  
 Taibo. 32 Requejo. 33 L. Iglesias Iglesias 34 F. López Cuevillas. 35 José María  
 Castroviejo. 36 Xavier Prado. 37 Feijóo. 38 Urbano Lugrís. 39 Urbano Losada.


## Mudando o laio polo orgullo: O Seminario de Estudos Galegos dende o seu comezo

«Toda prueba que para la cultura gallega ha venido a marcar una nueva época, un resurgimiento unificador y ubérrimo, ‘unha grande lus’ como nuestro insigne Castelao no ha mucho decía desde estas columnas al pie de uno de sus magníficos dibujos<sup>1</sup>». Con estas palabras celebraba o periódico *Galicia* o Seminario de Estudos Galegos unhas semanas despois do seu nacemento o 12 de Outubro de 1923. Ningunha das palabras empregadas era gratuita, moito menos xa que vira a luz apenas un mes tras o golpe de Estado de Miguel Primo de Rivera (1870-1930). O que nun primeiro momento se chamara, por precaución, «una simpática institución cultural» transformouse nun dos epicentros mais relevantes da cultura galega mais alá do seu propio marco cronolóxico. Foi, como o chamou *La Vanguardia* nos anos 30, «la entidad cultural y de alta investigación más importante de Galicia, cuyos poderosos rayos irradian hasta los más apartados lugares de esta tierra y cuya fama ha atravesado hace ya mucho tiempo las fronteras de España, mereciendo el respeto y el elogio de los estudiosos del mundo entero» (Gadir, primeira plana).

A qué debía o SEG tal prestixio? Porqué se lle chamou «unificador»? E, sobre todo, cómo logrou superar unha época tan turbulenta como os anos da Ditadura (1923-1930) sucedida baixo Alfonso XIII (r. 1886-1931)? A súa xénese constituíse a partir dunha propia conciencia histórica, a cal se lle deu dirección, estratexia, táctica e práctico. Canalizouse nunha organización, coordinación, dinamismo e presenza.

---

<sup>1</sup> Esta nova referida ao SEG fora publicada en primeira plana, na que tamén aparecía unha ilustración de Castelao. Nela aparecía unha vaca nos osos, que dirixe a súa vista cara un rapaz que trata de alimentarse do seu leite. Castelao apuntou as seguintes verbas: «Así quixeron sempre que fora a nosa terra». Logo esta imaxe servíu de modelo para un dos cartaces do Estatuto de Galicia coa autoría de Castelao en 1936.



ARA-GAEL MCMXXIV

**Camilo Díaz Baliño. *Ara Gael*, 1924. A primeira versión da *Ara Gael* aparecera como portada en *A Nosa Terra*, periódico das Irmandes da Fala, o 25 de xullo de 1922. A que aquí aparece é a cuarta versión da mesma, a cal o artista entregou ao Seminario de Estudos Galegos de cando a súa entrada no mesmo en 1924. Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento–Centro Superior de Investigacións Científicas, Santiago de Compostela.**

Xa como proxecto tivera unha entidade simbólica –os seus primeiros integrantes (Fermín Bouza Brey, Ramón Martínez López, Xosé Filgueira Valverde, Lafuente Bermúdez, Xavier Pardo, Xan Rof Carballo, Xosé Pena e Lois Tobío Fernández) fundamentaran a idea na súa visita a casa de Rosalía de Castro en Castro Ortoño—. Pero esta non foi a única ligazón cos principios e valores do Rexurdimento. Ese mesmo ano, o 2 de Febreiro de 1923, morrera Manuel Murguía. Fora el quen a partir de obras como *Historia de Galicia (1865-1913)*, publicacións con carácter divulgativo, institucións como a Real Academia Galega (1906) e o eco do círculo da Cova Céltica –e na que estaban integrados entre outros Eduardo Pondal, Salvador Cabeza de León, Manuel Curros Enríquez, José Leite de Vasconcelos, Ángel del Castillo ou Manuel Lugrís Freire– estableceu guías sólidas, perspectivas e narrativas nas que a Historia, o Idioma, a Arte, a Xeografía ou a Cultura popular forxaban –como xa era consciente toda Europa– o camiño longo pero aceirado do Destino dun pobo.

O SEG foi continuación desta liña. As súas disciplinas replicaron esas guías e nelas integráronse personalidades formidables que pertencían dende a xeración da Cova Céltica a de Nós. A Sección de Filoloxía foi encabezada por Armando Cotarelo Valledor. A Sección de Arte e Letras por Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. A Sección de Etnografía por Vicente Risco. A Sección de Historia por Salvador Cabeza de León. A Sección de Prehistoria levouna Florentino López Cuevillas. A Sección de Xeografía por Ramón Otero Pedrayo. A Sección de Historia da Arte por Xesús Carro García. A Sección de Historia da Literatura por Xosé Filgueira Valverde. A Sección de Pedagogía por Manuel Díaz Rozas. A Sección de Ciencias Aplicadas por Manuel Gómez Roman. A Sección de Ciencias Naturais por Luís Iglesias Iglesias e a Sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas Luís Tobío Fernández. A eles se lles incorporan tamén os socios afiliados, que foron medrando co paso

dos anos e engadiron máis dimensións as guías sólidas antes citadas (fig. 1). É dicir que o SEG constitúe de xeito vivo a suma das áreas necesarias para coñecer e dar a coñecer o país, para estruturalo como tal en tódolos aspectos e para sustentarse de xeito progresivo no futuro.

O SEG debeu a súa brillantez a un aspecto mais. Durante a Ditadura de Primo de Rivera levouse a cabo a prohibición de partidos e liberdades políticas, a censura de prensa, o sistema de representación e o uso de símbolos, ao igual que se prohibiu o uso de calquer outro idioma que non fora o castelán no espazo institucional entre outras medidas. Sobre todo, dado o alto índice de analfabetismo e iletrados na sociedade, as actividades culturais e educativas eran percibidas como marxinais porque estas podían chegar a pouca xente.

E foi precisamente esta a liña que o SEG traballou.

Non debe subestimarse o feito de que moitos dos seus integrantes estiveran na fundación das Irmandades da Fala na Coruña en 1916, organización cun espírito antibelicista e pedagóxico que participaba do moderno espírito pacifista que imperaba en Europa na súa nova constitución a partir da brutalidade da I Guerra Mundial (1914-1918), as transformacións sociais orixinadas coa Revolución Rusa en 1917 e a aparición de novas nacións e repúblicas como a de Weimar (1918-1933). A cuestión é: porqué ía traballar o SEG en publicacións que non se podían ler ou podían resultar moi específicas?

A resposta está en que os membros do SEG non tiñan en mente o escapismo culturalista. O escapismo busca a evasión, un rol pasivo, agardar que as circunstancias melloren por si mesmas e sen intervir nelas. Os membros do SEG pola contra querían producir para ter unha base a longo prazo, dar confianza e impulsar a acción para que as circunstancias melloraran. Non é de estrañar, por exemplo, que Camilo Díaz Baliño aceptara traballar como mestre e calígrafo pola Sociedade Económica de Amigos del País ou que Antón Vilar Ponte estivera

dentro do Rotary International<sup>2</sup>. Pero, sobre todo, isto implicou unha constante publicación nos medios que fora posible, como sucedeu co boletín da Real Academia Galega e coa revista *Nós*. Semellante esforzo so foi posible grazas o ánimo titánico dos membros do SEG e as facultades espertas e agudas de quen foi pai da que Ernesto Vázquez Souza chamou acertadamente a «Cultura do libro galego da República»: Anxo Casal.

## Voces fora do silencio

Casal foi quen conseguiu a publicación popular en base a libros de dimensións manexables, follas lixeiras e prezos asequibles, con ilustracións e deseños gráficos altamente atractivos da man de Díaz Baliño. Se símbolos representativos e idioma foron prohibidos, foi el quen logrou poñelos na rúa con mestría administrando editoriais como *Lar na Coruña* en 1924. Tamén se fixo cargo de revistas como *Nós* e de periódicos como *A Nosa Terra* en canto a súa publicación. Os libros *O lobo da xente* (1925) e *O porco de pe* (1928) de Vicente Risco, *Cincuenta homes por dez réas* (1ª ed, 1925 / 2ª ed, 1931) de Castelao, as novas edicións en 1926 de *No desterro* (1913) e *Da terra asoballada* (1917) de Ramón Cabanillas e *De catro a catro* (1928) de Manuel Antonio publicáronse por medio de Casal. A primeira edición de *O Mariscal* (1926) de Cabanillas e Vilar Ponte, foi vendida clandestinamente e esgotada nuns días. Sorte similar pasou *O Militarismo* (1927) de Bernardino Machado, que fora presidente da República de Portugal e quen lle pediu que a editara porque ninguén se atrevía a imprimila. Casal non so a imprimiu pese os rexistros policiais, senón quea introduciu toda a primeira edición en Portugal. Como

---

**2** Institución internacional nacida en 1905 en Illinoys e que reunía un conxunto de líderes empresariais, universitarios e non universitarios, cunha finalidade humanitaria. Así o Rotary Club ocupábase do fomento da paz mundial da boa vontade, centrándose en cuestións como a erradicación do analfabetismo, a pobreza ou a fame.

apuntou Álvaro de las Casas a propósito de Casal en 1930:

Si el alentar a Ángel Casal —el más esforzado de nuestros guerrilleros, el más arriesgado de nuestros luchadores— no fuera motivo suficiente para reunirnos en su alrededor todos los escritores gallegos, séalo por lo menos la gratitud que nos merece ya que, gracias a él y sólo gracias a él, nuestros libros andan por ahí adelante. Casal, aparte esta gran amargura de decirnos adiós como editor, acaba de redondear su hoja de servicios a la patria con el volumen número 100. Se nos lee por él, se nos conoce por él; Galicia tiene una categoría literaria gracias a él (EPG, Casas, s.p).

Unha das mostras mais representativas desta laboura foi a publicación de *Na noite estrelecida* en 1926 de Cabanillas. Esta saga de poemas simbólicos era unha chamada a redención dende os mitos artúricos e o celtismo galego. Non so o seu deseño gráfico —a cargo de Castelao— reflectía ese carácter, senón tamén os nomes impresas nela: Lar como editora, Mondariz-Balneario (dirixido por Peinador) como lugar de imprenta e o escudo do SEG como selo (fig. 2). Foi así como se xerou dende tódolos fíos un traballo creativo, simbólico e representativo no cal o SEG servía como a «grande lus» que mencionara *Galicia*. Isto non se fixo sen atopar atrancos tal como Risco sinalou en *Da renacencia galega*. O Seminario d' Estudos Galegos o 25 de Xaneiro de 1926 en Céltiga:

A Terra chama no fondo da concencia da raza, e a mocidade galega érguese n-un pulo criador e trunfante. No mundo do esprito, ond'hai que ganar as mais feras batallas, xa chantou vitoriosa a sua bandeira. Aínda haberá moito que loitar. O Seminario non deixa de ter nemigos. A carraxe e a envexa fan o que poden pra trabar na istitución e nos seus socios e directores; a mormulación, a calaña e o silenzo non son as únecas armas que se teñen empregado contra d'il. Non



importa; o seu labor centífeco seriamente costrutivo, limpónse, e o ideal qu'ó move, trunfa (Risco, 1926, 28).

O número de publicacións xeradas polo SEG dende 1926 chegou a ser tan voluminoso que, finalmente, se acordou levar a cabo a súa publicación co nome de Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. Os primeiros traballos publicados individuais do SEG primeiro saíron coa editorial Lar e logo, dende 1927/1928, coa nova editorial de Casal na Coruña a que chamou Nós. Co nome de Arquivos enxergou o traballo feito dende entón co que proseguíu tras a muda acontecida o 14 de Abril de 1931, co establecemento da II República en España.

Unha nota publicada no periódico *A Fouce* mostra ata que punto o SEG adquirira o carácter dinámico e proactivo que tanto se admiraba. Nesta nota, titulada *Cultura galega*, se anunciaban os libros publicados alén de cada disciplina. En Xeografía abundaban os estudos de Otero Pedrayo, como *Síntesis Xeográfica de Galicia* (A Cruña; Lar, 1926) e «Unha impresión da Galicia do Sul no derradeiro ano do século XVIII» (A Cruña; Nós, 1929). Na Sección de Etnografía, coa dirección de Risco, foron publicados «Sobre a localización xeográfica do Sant-Grial» (Arq. Do Sem. De E.G, tomo I) de Xoaquín Arias Sanxurxo e *As cruces de pedra na Bretaña* (Pontevedra; Antúnez; 1930) de Castelao, que foi publicitada tamén en *Nós*.

*A Fouce* seguía enumerando mais traballos. Na área de Ciencias Naturais, a cargo de Luis Iglesias, aparecen libros como *El Observatorio Astronómico de Lalín y sus coordenadas geográficas* (Arq. Do Sem. De E.G, tomo III) de Ramón María Aller Ulloa ou *El mecanismo de acción de la dihidroxiacetona en el organismo humano* (Arq. Do Sem. De E.G, tomo III) de José García-Blanco e Isidro Parga Pondal. De este derradeiro nome predominan varios libros na área, xa foran realizados de xeito individual ou en colaboración, como sucede en *Contribución al estudio de los minerales de wolframio de Galicia. I. –Análisis de las wolfremitas*

*de la Brea, Corpiño y Carboeiro* (Lalín, Pontevedra). (Arq. Do Sem. De E.G, tomo III) feito entre Parga Pondal e José Vázquez Garriga. Por derradeiro, na Sección de Ciencias Administrativas –dirixida por Lois Tobío– foron publicados *Datos para un ensayo de autonomía administrativa de Galicia* (Pontevedra, Peón, 1928) de Asdrúbal Ferreiro Cid, o *Anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galiza* (Paredes, 1931) (fig. 3) e a *Exposición presentada pol-a poñenza encargada de redactar o Anteproxecto do Estatuto de Galiza* (Pontevedra, Antúnez, 1931).

En efecto o SEG tivo parte da consecución do Estatuto de Autonomía. A proposta que se fixo dende o mesmo fora concibida, tal como atesta a documentación, dende 1928. Dende esa data ata 1932 as contribucións foron achegadas e firmadas por Alexandre Bóveda (socio do SEG dende 1928), Vicente Risco, Valentín Paz-Andrade, Ricardo Carballo Calero e Lois Tobío. A isto se lle suma que moitos dos integrantes eran participantes activos da campaña a favor do plebiscito. As achegas do Seminario de Estudos Galegos levaron a publicación da primeira biografía de Manuel Murguía, en conmemoración do décimo aniversario da súa morte. Para este proxecto pediúselle a Vicente Risco que a escribira (fig. 4). Non só era a cabeza da Sección de Etnografía, senón que para os seus coetáneos era o «continuator ilustre de Murguía» (EPG, 1933, 5). Ambos se coñeceran na Coruña nas mesas exteriores do Hotel Palace, e dende entón a relación entre ambos homes florecera. Risco homenaxeou a súa figura cando, do seu falecemento, a revista *Nós* púxose de loito. Publicouse nela que «iste nome musical e cheo de lembranzas ten para nós outro simbolismo. Cando xurdíu nos tempos románticos o pirmeiro abrete da liberdade de Galiza, Murguía recolleuno na súa y-alma moza, e dempois imortalizouno nos Precursores». Tras comparalo con Moisés, quen liderou ao unión do seu pobo, liberándoo e dándolle unha lexislación, escribiuse:


As campás da Cruña, aínda non hai moitos anos que choraron a morte de Pondal; o mesmo pranto fan hoxe por Murguía. O Hestoriador e mais o Poeta ben poden ir un a carón do outro na sagrada comunión dos Bardos; iles encarnan, na hestoria e na leenda, a y-alma épica da nosa Raza (*Nós*, 1923, 2).

Lidas estas verbas non deixa lugar a dúbidas de porqué Risco levou a cabo tal empresa para o SEG nunha alborada de transformacións. Eses eran anos nos que estaba a procurarse a consecución duns valores con precedentes. E por iso o SEG rendeu honores a quen es foran os persoeiros mais decisivos dos mesmos.

### **Do amencer ao lusco**

O 6 de Xuño de 1936 o Seminario de Estudos Galegos comezaba unha nova era. Nesa reunión presentárase unha nova publicación, *Parroquia de Velle*, que viña a seguir os pasos de tomos previos como foran *Vila de Calvos. Notas etnográficas e folklóricas* (1930) e *Terra de Melide* (1933). A este tomo se lle sumaba, ademais, a preparación do milenario de Celanova e da unificación dos estudos para o lanzamento de *Terra de Deza* por Cuevillas. Non foi esta a única mudanza. Esa reunión tamén foi a data na que Otero Pedrayo foi nomeado presidente do SEG. A partir deste día levouse a cabo a organización da que sería a campaña de verán, que estaría centrada na zona de Fisterra. Aquel era o mes no que todos eles estaban atarefados non so co Seminario senón tamén coa campaña polo Plebiscito do Estatuto. Cando o resultado foi anunciado o 28 de Xuño, o si deu inicio os procesos legais para a súa aceptación formal e sinatura por parte de Manuel Azaña, Presidente da II República.


O 1 de xullo unha comitiva do SEG –composta polas seccións de Ciencias (concretamente o Laboratorio de Xeoquímica), Etnografía e Folklore, Xeografía, Arqueoloxía e Pedagogía–, iniciou a campaña programada, saíndo nun ómnibus de Cee para comezar os seus estudos en Nemancos



**Fig. 2.** Páxina interior de *Na noite estrelecida* (1926) de Ramón Cabanillas. Edición de Lar, impreso en Mondariz Balneario (Pontevedra). Real Academia Galega, A Coruña.



**Fig. 3.** Anteproxecto de *Estatuto da Galiza*. 1931. Seminario de Estudos Galegos – Seizón de Ciencias Sociaes, Jurídicas i-Económicas, Santiago de Compostela. Real Academia Galega, A Coruña.



**Fig. 4.** *Murguía*. 1933. Vicente Risco. Publicación dos Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. Impreso en Paredes, Santiago de Compostela. Fondos do Museo Provincial de Pontevedra.





**Fig. 5. O Seminario de Estudos Galegos no Dolmen de Dombate. 18 de xullo de 1936. Esta fotografía, no preludio do terror, foi tomada durante no derradeiro día da campaña de verán en Fisterra. Nela poden verse entre outros, de esquerda a dereita, a Ramón Otero Pedrayo, Xesús Carro ou Vicente Risco.**

(Muxía). Ademais a Sección de Pedagogía propuxera que, sempre que eles ou o Laboratorio de Psicotecnia traballaran con algunha escola, se lle dera a mesma unha pequena biblioteca con libros sobre Galicia. O propio SEG levou consigo máis libros. En aquelas vilas e sitios onde pasaran durante a campaña, darían unha biblioteca circulante como xesto de agradecemento e lembranza. Estes foron cargados xunto con maletas e maletíns, instrumental xeolóxico, un equipo cinematográfico completo para filmar, libretas, lapis, planos, cuestionarios, bastóns e paraugas para poder traballar. Ademais co ómnibus contaban cunha radio, a cal «loce unha gran antena trasatlántica que enclava todas as ondas que colle os ventos o seu paso» segundo apuntou Illa Couto.

A paisaxe e a atmosfera de Fisterra foi, para todos eles, como vivir un poema de Pondal. «Case toda a mitoloxía pondaliana, está nista xeografía que temos diante. Envolta en néboas –faldras das fadas céltigas– limita vagarosamente en esta brétema os hourizontes, ‘Feros corvos de Xallas, que vagantes andás’–dixo o Poeta–». Tanto foi así que a chegada a dous sitios concretos levou ao SEG a pedir a Risco unha lembranza. Illa Couto así o describiu:

### **Area das Augas – Invocación a Breogán**

Dous folgos percisos pra cumprir dous deberes no fito e viero pondaliano da Fisterra: a ponte Arantón e a Arca de Ougas. Eiquí –ergueito castro da forteza racial– está o repouso eterno de Breogán, condutor dos pobos célticos. Eiquí, soterrados –ben gardados antre os parapetos, o foso e as defensas– teñen paz eterna os osos do Pai da Raza. Risco –oficiante patriarcal da tradición– fai a invocación ritual asistido polo noso coro de silencio e de fervor. Que os osos do Pai Breogán se xunten, que Deus lle volte purificada a ialma da súa paganía e que así veña reconquerir a Galicia (Illa Couto, 1936, 9).

A campaña resultou moi activa. Dadas a relevancia do

SEG a prensa os seguía con atención, sinalando o bo recibimento que tiñan por onde pasaban. Era tamén unha experiencia gratificante para eles. «Los miembros del Seminario se muestran encantados de las atenciones de son objeto por parte del vecindario en los puntos que están visitando» publicou *El Eco de Santiago* o 15 de Xullo. Unha das propostas mais notables foi a idea de subir ao Monte Pindo (Carnota). Este punto comezaría a fase derradeira da campaña, que sería adicada ata o 18 de xulio a Camelle, Buño, Malpica, Ponteceso, Laxe e Dombate. Foi neste derradeiro sitio onde o SEG fixo a súa fotografía conmemorativa. Todos eles reuníronse no Dolmen de Dombate (fig. 5), aquel que Pondal inmortalizara dos seus versos. A partir de ese día deuse por concluída a campaña. Segundo informou *El Compostelano* «allí, en medio de una emoción religiosa, termina esta VIII misión de investigaciones. Poco después los miembros del Seminario se dispersan citándose ya para la próxima campaña».

Esa data, o 18 de Xulio de 1936, foi tamén o día que Seminario de Estudos Galegos viu o anuncio dun golpe de Estado. E, desta vez, a asfixia ía a ser total. O sino de moitos dos membros foi, senón violento, si disposto dende o terror psicolóxico. E o propio lugar do SEG —o Palacio de Fonseca en Santiago, onde ademais organizaran unha colección museística que incluía obras de Arte e pezas históricas— foi a viva mostra da denigración moral e vital que se aplicou. O SEG contaba, ademais, cun fondo bibliotecario de 5000 libros. «Non puideron borrar nunca da memoria a última vez que estiveron nos locais da Institución en Fonseca» escribiu Del Riego:

Tal foi o caso do colaborador dunha revista madrileña, que visitou o «Seminario» pra publicar un reportaxe sobre as súas actividades. Servínlle de guía e informador, por encomenda de Carro (...) Despedímore ao pé da escultura de Eiroa titulada «Nai», que se atopaba nun pedestal a carón da porta

da entrada. Foi aquela a derradeira ocasión que estiveron no «Seminario de Estudos Galegos», antes de que a barbarie expoliara os seus fondos.

Uns días particularmente crueis sucederon en Agosto como forma de escarnio público e aviso. Do día 14 ao 19 foron executados de forma seguida algúns dos membros mais destacados do SEG. Camilo Díaz Baliño, sen xuízo previo, lle foron mutiladas as mans e executado por tres falanxistas. Logo un deles disparoulle con varias balas ata quedar desfigurado o 14 de Agosto de 1936. Foi velado pola xente da parroquia de Saa e enterrado pola mesma fora do cemiterio canda a igrexa. (Actualmente segue alí, sen placa ou lápida). Alexandre Bóveda foi xulgado e executado por fusilamento no Monte de A Caeira en Poio (Pontevedra) o 17 de Agosto de 1936. Xaime Quintanilla, fusilado o 18 de Agosto de 1936 nas tapias do cemiterio do barrio de Canido en Ferrol. Anxo Casal, executado por fusilamento en Teo o 19 de Agosto de 1936. Mais membros do SEG foron executados nos meses vindeiros, como sucedeu con Roberto Blanco Torres, fusilado en Entrimo (Ourense) o 3 de Outubro de 1936. (Enterrouse nunha fosa común da Igrexa parroquial de San Fiz de Galez (Entrimo).

Aqueles que non sufriron a morte si foron castigados con multas, abertos con expedientes, fichas por pertenza a masonería ou condenados ao exilio e os campos de concentración. Augusto M<sup>a</sup> Casas Blanco, exiliado en Francia, estivo preso no campo de concentración de Argelès-sur-Mer. Luis Bouza-Brey estivo preso na Illa de San Simón, que funcionaba como campo de concentración e de exterminio. A Manuel Lugrís Freire, presidente da Real Academia Galega, foille aberto un expediente ao formar parte da Loxia Suevia n<sup>o</sup>4 (A Coruña) no que tiña o nome de Servat 2<sup>o</sup>. Os expedientes mencionan ademais que pertencía a «Irmandade da Fala» («Hermandad del Habla»), «afiliado al Partido Galleguista» e de profesión «publicista». Morreu



apenas catro anos despois, en 1940, sendo enterrado en Santo Amaro. Chegouse a tal punto que Antón Vilar Ponte, que morrera o 4 de Marzo de 1936, incluso lle foi aberto igualmente un expediente e clasificado o mesmo que se estivera vivo. Así no seu expediente aparece sinalado como «rotario» (por pertencer a Rotary International) e exposto a posteriori como tal.

Aqueles que viviron foron testemuños da desaparición rapaz de amigos, colaboradores e a propia institución do SEG. A Vicente Risco lle foi aberto un expediente e unha ficha por pertenza a teosofía (sen grupo ou loxia especificada), sendo vixiado pola policía secreta practicamente ata 1963, ano no que morreu<sup>3</sup>. Luís Tobío Fernández estivo no exilio primeiro en Europa e logo América. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao estivo en Francia, Rusia e logo América, morrendo en Bos Aires en 1950. Eles viron como o 15 de Febreiro de 1944 o patrimonio do SEG quedou dentro da constitución do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, inscrito dentro do Centro Superior de Investigaciones Científicas (1939). Xa en 1940 se chamara a antigos membros do SEG, incluído Otero Pedrayo, para decidir qué facer co que quedara. Carlos Ruís Castillo, o novo reitor da universidade, ofreceulles dúas opcións: reabrir o Seminario ou entregar os fondos a universidade. Respecto o primeiro punto indicou que moi posiblemente iso non ía suceder, polo que nos seguintes meses a universidade tomou os fondos que quedaban do SEG. Tal feito serviu para que o IEGPS se convertera de facto no

---

**3** Unha personalidade moi ligada a Risco, Margot Sponer, estivera en contacto directo co SEG por medio del. Como director de Nós encargouse de publicar os traballos filolóxicos de Sponer na revista. Sponer ten unha acentuada presenza en *Mitteleuropa* (como artigos en *Nós* (1930-1935) logo no libro (1934) xa que foi a persoa encargada de acompañar a Risco a universidade polo seu interese nos cursos de Etnografía en Berlín. Sponer, integrada na resistencia antinazi, foi arrastrada fora do seu fogar e disparada a tiros na rúa polas SS o 27 de Abril de 1945.

herdeiro material do SEG<sup>4</sup>. Dous anos despois Castelao deixou apuntado o seguinte no seu limiar do libro *As cruces de Pedra na Galiza*:

Este libro, pois, non foi escrito para quenes maldefenderon o Seminario de Estudos Galegos, nin para os que o suplantaron, pondo a nosa cultura nas fauces dun Estado devorador. Non; este libro, escrito no desterro, vai dirixido os meus vellos compañeiros, que cicáis o recibirán con alegría. Xa sei que non é unha grande cousa; pero é unha proba da miña lealdade ao Seminario e do meu amor a Galiza.

Boas Aires, a vinte de xullo do mil novecentos coarenta e seis.

### **Construíndo imaxes e patróns tras a lembranza**

A publicación de *As cruces de pedra na Galiza* levouse a cabo coa colaboración de Castelao xunto a unha xeración que medrara con todos eles. Nesa xeración exiliada estaban entre outros Luís Seoane, Rodolfo Prada e Xosé Núñez Búa, que materializaron a súa publicación o mesmo 1950. Pode que o proxecto do SEG, que nacera como un vieiro no tempo dun golpe de Estado, fora esnaquizado no seu aspecto físico trece anos despois en outro. Pero espiritual e intelectualmente seguía vivo. A forma de esperanza Manuel Gómez Román realizara o esbozo dun edificio para o SEG en 1947. Hoxe conservado na Fundación Penzol, o edificio era unha elegante versión do barroco compostelán. Foi precisamente a xeración no exilio a que comezou a recompoñer os fíos. Un dos fitos mais significativo foi o establecemento de Porcelanas Celtia por parte de Isaac Díaz Pardo en Magdalena (Arxentina) en 1955 a instancias de Núñez Búa. O fillo de Díaz Baliño xa

---

<sup>4</sup> Pese a que se lle ofreceu entrar nel, Otero Pedrayo resistiuse a estar no novo organismo.

concretara a Fábrica de Cerámicas O Castro en 1949 no Castro de Samoedo (Sada). E ambos proxectos ían servir para ir tecendo novamente. Tal foi o caso que Celtia foi visitada por Otero Pedrayo en 1959. Isto serviu como un paso na concepción do proxecto Sargadelos. Este foi consolidado en 1963 co establecemento de o Laboratorio de Formas.

«Nós queremos axudar a enriquecer ao mundo coa nosa diferenza» díxolle Seoane a Díaz Pardo en 1962 en Bos Aires. «Tratamos que o noso deseño estea ben suxeito ás leis mercantís, que sexa tan económico como o da Escola de deseño de Ulm e tan de acordo co noso tempo, pero que lembre mais ao pobo onde se creou» (Seoane, 2016, 11). Un pensamento que recollía o fío de artigos como «Da nacionalización galega. Cosmopolitismo e universalismo» (1919, A Nosa Terra) de Risco e da liña de acción do Seminario. Encabezado por ambos homes, xunto cos exiliados, estableceuse unha organización ao estilo do SEG. O Laboratorio –co seu manifesto de principios– era o tronco. E del naceron unha editorial (Edicións do Castro, 1963), unha empresa artística (Fábrica de Cerámica de Sargadelos, 1963), un espazo pedagóxico, artístico e comunicativo (o Instituto Galego de Información), a área de experimentación e investigación científica (Laboratorio Xeolóxico de Laxe - Fundación Isidro Parga Pondal) e un museo que recollía as obras dos artistas galegos dende os anos 30 (O Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside, 1970). E, como parte sobresaínte da cerna, cursos de educación (encontros estivais), tendas que a vez eran espazos para conferencias, exposicións e librerías con libros galegos e portugueses (as galerías Sargadelos), un taller de tipografía (Gráficas Sargadelos) e os espazos adicados a ensinanza, a arte e a comunicación (Elementos Gráfico-Fotográficos, as Escolas-taller, Laboratorios Industriais e Comunicativos máis Diseño e Comunicación por Imaxen).

Todo este inxente traballo, cunha constante produción de libros, exposicións, coleccións e conferencias, viña producir

todo aquilo que non fora posible en catro décadas de Ditadura. Tal foi así que na Galería Sargadelos de Santiago se celebrou a Exposición homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos o 17 de maio de 1978, sendo este o ano no cal se fundou tamén neste proxecto o Novo Seminario de Estudos Galegos. O seu obxectivo foi proseguir, en obxectivos e práctica, ao que fora a semente orixinal. Con isto convertéronse nos herdeiros intelectuais do SEG. Isto vese, por exemplo, que os estudos de Gandeiría en Galicia (16-17 de Maio de 1985) foran propostos e organizados na Escola de Enxeñería Técnica Agrícola de Lugo pola Área de Ciencias Agrarias – Seminario de Estudos Galegos. Vese, por exemplo, en que o foi en Ediciós O Castro onde foron publicados novamente os Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. E vese tamén, por exemplo, en que o símbolo do novo SEG foi unha réplica do selo que Castelao realizara para o SEG histórico e que acompañou a moitos dos espazos pensados para Sargadelos (fig. 6).

A morte de Isaac Díaz Pardo o 5 de xaneiro do 2012 significou a desaparición dun dos derradeiros persoeiros que estiveron en contacto directo co SEG e involucrados na posterior rehabilitación con Sargadelos. Once anos despois, no 2023, o letargo e o baleiro fai feble o que unha vez foi un vieiro sólido. E as situacións extremas non son o condicionante axeitado para retomar ese vieiro partindo da nada. Mais é posible, tal como todos eles mostraron na súa forma de vivir e no que materializaron, albergar o espírito que animou o Seminario de Estudos Galegos. Non se trataba, tal como se veu, dunha invención nin dun pensamento artificioso. Era a resposta xenuína da realidade galega no mundo, a súa Historia, o seu Idioma, a súa Arte, a súa Xeografía, a súa Cultura popular e, en definitiva, ao seu ser. Aprezar, considerar e cultivar o pensamento e o traballo que fixeron e que conduciron a tantos avances. E que mesmo foron moito máis alá do que os seus propios tempos lle deixou. Dende ese pouso cultural, estar a fronte das arelas do social, o científico, o académico,

o industrial, o intelectual, o económico, o intelectual, o tecnolóxico e o político –os alicerces efectivos e estruturais– no devir dun futuro, propio e colectivo. E, por esta razón, o SEG segue a ser a «grande lus».



**Fig. 6. Entrada do Museo Galego de Arte Contemporáneo Carlos Maside no Sargadelos do Castro de Samoedo (Sada). Sobre o nome do Museo, pode verse “Área de Arte/Comunicación. Seminario de Estudos Galegos” co escudo, nun estilo mais sintetizado, do deseño orixinal do SEG deseñado por Castelao.**  
Fotografía: Iria-Friné Rivera Vázquez.

## Bibliografía e fondos

Álvaro de las CASAS: «La Editorial Nós», *El Pueblo Gallego* (21/09/1934), s. p.

Xosé DÍAZ ARIAS DE CASTRO: Enriquecer ao mundo coa nosa diferenza. A Coruña, Real Academia Galega de Belas Artes, 2016.

GADIR: «Por terras gallegas. Seminario de Estudos Galegos», *La Vanguardia* (fondo da década dos anos 30, sen día e mes rexistrado), primeira plana.

Francisco FERNÁNDEZ DEL RIEGO: «Tal foi o caso...» Da exposición Francisco Fernández del Riego nos vieiros da arte galega (26 de Novembro do 2021 ao 7 de Xaneiro do 2024), Pinacoteca Francisco Fernández del Riego, Vigo.

Xaime ILLA COUTO: «O Seminario de Estudos Galegos en Fisterra», *El Pueblo Gallego* (09/07/1936), p. 2.

Alfonso Daniel RODRÍGUEZ CASTELAO: *As cruces de pedra na Galiza*. Bos Aires, López, 1950.

Sen sinatura: «Manoel Murguía», *Nós* (23/02/1923), p.2.

– «Actualidades Galegas. Santiago. Unha simpática institución cultural», *Galicia* (23/10/1923), p.2.

– «Cultura galega. Labor do Seminario de Estudos Galegos en Compostela», *Galicia* (25/11/1923), primeira plana.

– «Os homes, os feitos, as verbas. As cruces de pedra na Bretaña», *Nós* (25/07/1930), p. 145-146.

– «Do Seminario de Estudos Galegos. Exposición presentada pola poñenza encargada de redactar o anteproxecto do Estatuto de Galiza», *A Fouce* (17/01/1932), p. 4.

– «Cultura Galega. Obras editadas polo Seminario de Estudos Galegos, e homes que traballan no levantamento cultural de Galiza», *A Fouce* (01/05/1932), p. 4.

– «Acta inaugural. Una conferencia de Risco en el nuevo centro galleguista», *El Pueblo Gallego* (19/03/1933), p. 5.

– «Seminario de Estudios Gallegos. La campaña de investigaciones en Finisterre», *El Eco de Santiago* (15/07/1936), primeira plana.

– «Seminario de Estudios Gallegos. La misión de investigación finaliza sus trabajos», *El Compostelano* (18/07/1936), p. 2.

*Seminario de Estudos Galegos. Seizón de Cencias Sociaes, Jurídicas i-Económicas. Anteproyeito do Estatuto da Galiza.* 1931. F 4541, Real Academia Galega (A Coruña).


VV.AA: *Sargadelos recuperado. O Laboratorio de Formas 40 anos despois.* A Coruña, Fundación Luís Seoane, 2008.

Vicente RISCO: «Da Renacementa Galega. I. O Seminario de Estudos Galegos de Santiago de Compostela. Especial para Céltiga», *Céltiga* (25/01/1926) pp. 21-22.

– Murguía. Arquivos do Seminario de Estudos Galegos -VI, Santiago de Compostela, 1933. Pode consultarse en FVF 105/17, Fondo do Museo Provincial de Pontevedra e tamén o libro coa sinatura F-Foll 107-5 – N<sup>o</sup> de rexistro: R. 22087, Museo do Pobo Galego (Santiago de Compostela).

Tribunal Especial para la Represión de la Masonería y el Comunismo (TERMC). Lugrís, Manuel. Expediente 191 – 27 – 32249. Archivo General de la Guerra Civil – Centro Documental de la Memoria Histórica (Salamanca).

Expressar o meu fondo agradecemento a Ernesto Vázquez Souza polos seus coñecementos da cultura galega dos anos 20 e 30 e a Fernando Pereira González polo seu alto pensamento sobre Manuel Murguía.



**CENTENARIO DO  
O SEMINARIO  
DE ESTUDOS GALEGOS  
1923-2023**

 **Alexandre Bóveda** AGRUPACIÓN CULTURAL

 **Deputación  
DA CORUÑA**